

DOMINGO II ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Is 62, 1-5

Lectura do libro do Profeta Isaías

Por amor de Sión non calarei, por amor de Xerusalén non acougarei, ata que rompa coma o día a súa xustiza, e alume coma unha lámpada a súa salvación. Os pobos verán a túa xustiza e tódolos reis a túa gloria, chamaráseche cun nome novo, que a boca do Señor pronunciará. Serás coroa preciosa na man do Señor, diadema rexia na man do teu Deus.

Non se che volverá a chamar "Abandonada", nin á túa terra "Desolada". A ti han chamarche "Miña predilecta", e á túa terra "Desposada", porque o Señor comprácese en ti, e a túa terra vai ter esposo. Como casa un mozo cunha virxe, casa contigo o teu Constructor. O gozo que sente o noivo pola noiva, sentirao o teu Deus por ti.

SALMO RESPONSORIAL Sal 95, 1-2a. 2b-3. 7-8a. 9-10a e c

R/ (3): **Anunciade ante tódolos pobos as marabillas do Señor.**

Cantádelle ó Señor un cántico novo,
cantádelle ó Señor, a terra enteira;
cantádelle ó Señor, bendicide o seu nome.

Pregoade tódolos días a súa salvación.
Anunciade entre as xentes a súa gloria;
ante tódolos pobos, as súas marabillas.

Tributade ó Señor, pobos todos,
tributade ó Señor honor e forza,
tributade ó Señor a gloria do seu nome.

Adorade o Señor no adral sagrado,
trema na súa presenza a terra enteira.
Dicide entre as xentes:
"O Señor é rei, el goberna os pobos rectamente".

SEGUNDA LECTURA 1 Cor 12, 4-11

Lectura da primeira carta do Apóstolo san Paulo ós Corintios

Irmáns: Hai diversidade de dons, pero un mesmo Espírito. Hai diversidade de servizos, pero un mesmo Señor. Hai diversidade de realizacións, pero un mesmo Deus, que realiza todo en todos. A cadaquén dásele a manifestación do Espírito para o ben común. A un o Espírito dálle palabra de sabedoría; a outro dálle palabra de ciencia o mesmo Espírito; a aqueloutro o mesmo Espírito concédelle fe.

A un este mesmo Espírito dálle o don de curacións; a outro, o don de facer milagres; a outro, o don dunha mensaxe inspirada; a outro, discernimento de espíritos. A un, don de falar distintas linguas; a outro, o saber traducir esas linguas. Pero todo isto é un e o mesmo Espírito quen o realiza, repartindo a cada un en particular, como a El lle parece.

EVANXEO Xn 2, 1-11

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

Naquel tempo, houbo un casamento en Caná de Galilea, e estaba alí a nai de Xesús. Tamén foi convidado Xesús e mailos seus discípulos ó casamento. Chegou a falta-lo viño e a nai de Xesús díxolle: - Non che teñen viño. Replicoulle Xesús: - Muller ¿que ten que ver iso comigo e contigo? Aínda non chegou a miña hora.

Súa nai díxolles entón ós servidores: - Facede o que el vos diga. Había alí seis tinas de pedra para as purificacións dos xudeus, que levaban ó pé de cen litros cada unha. E ordenoulles Xesús: - Enchede de auga as tinas. Eles enchéronas de todo. Díxolles entón: - Collede agora e levádelle a proba ó mestresala.

Eles levárona. E, cando o mestresala probou a auga volta viño, sen saber de onda viña (os servidores si que o sabían, que eles colleran a auga) falou co noivo e díxolle: - Todo o mundo pon de primeiras o viño bo e, cando xa están bébedos, o máis cativo; ti, en troques, deixáche-lo viño bo para agora. Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos en Caná de Galilea; manifestou a súa gloria, e creron nel os seus discípulos.